

# XABIER | DÍAZ

## Agarrado de Vilar de Cabeiras (Cabeiras - Arbo)

Aquí nesta rúa hai,  
aquí nesta rúa é  
aquí teño os meus amores,  
aquí fago fincapé.

Moreno do ben querer,  
se queres trocar, troquemos,  
eses teus ollos azuis  
polos meus que son morenos.

Cando as pedras deren gritos  
e o sol pare de andar  
e o mar non tiver auga  
de ti heime de apartar.

Quen me dera o meu loureiro  
onde o aire inda non dera!  
Quen me dera os meus amores  
onde ninguén mos soubera!

Non vin rosa máis cheirosa,  
caravel máis encarnado  
nin cara máis feiticeira  
como a que teño ao meu lado.

Despedida che vou dando,  
despedida dunha rosa.  
Como me vou despedir  
dunha cara tan fermosa?

